

# BASES CONCURSO TIKTOK E INSTAGRAM

CREACIÓNS DE MENOS DE 60 SEGUNDOS

REINTERPRETA

APRÓPIATE

VERSIONA

ADAPTA

HOXE

#ESTIQUECANTAS



ESTIQUECANTAS.GAL

  ESTIQUECANTAS

## OBXECTO

A iniciativa **#ESTIQUECANTAS** é unha ramificación do proxecto global **ES TI QUE CANTAS** (estiquecantas.gal) centrado na creación dos audiolibros da obra en galego de Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*, *Contos da miña terra* e *Follas Novas*.

O concurso #ESTIQUECANTAS busca promover a creación de vídeos breves nas RRSS inspirados na obra en galego de Rosalía de Castro. Tal e como ela fixo en *Contos da miña terra*, onde se reapropiou dunha historia misóxina con centos de anos de antigüidade para transformala nunha crítica ao machismo imperante, este concurso quere que as e os participantes se reapropien dos seus versos para crear obras novas e traelos aos presente.

## PARTICIPANTES

- Poden participar rapaces e rapazas que teñan entre 12 e 18 anos.
- Pódense presentar tanto traballos individuais como en grupo, feitos dentro ou fóra das aulas.
- A participación no concurso supón a aceptación destas bases. A interpretación das mesmas en caso de conflito ou dúbida corresponde á dirección do proxecto.
- Para calquera dúbida contacta con [estiquecantas@rebordelos.com](mailto:estiquecantas@rebordelos.com)

## PRAZO

O prazo para presentar as pezas empeza o día 23 de febreiro de 2022 ás 00:00, efeméride do nacemento de Rosalía de Castro, e remata o día 15 de marzo ás 23:59:59.

## CREACIÓNS A CONCURSO

- Non hai límite de obras presentadas por persoa ou grupo.
- As obras non poden pasar dos 60 segundos de duración.
- A temática é libre, pero ten que inspirarse nun poema ou nuns versos da obra en galego de Rosalía de Castro.
- A lingua empregada ten que ser o galego.
- O formato de pantalla ten que ser o vertical.
- As creacións non poden consistir nunha fotografía estática sen ningún recurso adicional.
- Poden empregarse, opcionalmente, músicas, sons, textos, gif, filtros, etc.



# PRESENTACIÓN DAS CREACIÓNS

1 A obra considerarase presentada:

- Ao subila coma **reel de Instagram** acompañada do cancelo **#ESTIQUECANTAS** e mencionando a conta oficial da iniciativa **@estiquecantas**.
- Ao subila a **TikTok** co cancelo **#ESTIQUECANTAS** e mencionando a conta do proxecto **@estiquecantas**.

Non se considerarán presentadas as obras publicadas noutros formatos de publicación nin noutras redes sociais.

2 Hai que deixar escrito no comentario do *reel* ou da publicación o título do poema ou dos versos nos que se inspira a creación.

3 As creacións que superen o minuto de duración, que non mencionen a conta da iniciativa **@estiquecantas** e o cancelo **#ESTIQUECANTAS**, que estean en castelán, teñan mensaxes ofensivas ou irrespectuosas ou incumpran calquera outro punto destas bases non serán aceptadas.

## XURADO

O xurado estará formado por tres persoas que acordarán as/os gañadoras/es por consenso. Valorarán:

- Que se utilicen recursos propios da redes sociais que interpreten a obra de Rosalía de Castro con novas linguaxes.
- Que as creacións reflectan temáticas da obra de Rosalía de Castro.
- O enfoque creativo e rupturista.

## PREMIOS

As gañadoras ou gañadores daranse a coñecer o **21 de marzo de 2022**, Día Internacional dos Bosques e da Poesía, dende as contas de **@estiquecantas** de Tiktok e Instagram.

Este proxecto cre nos valores da colaboración máis ca nos da competición, polo que se adxudicarán tres premios de igual importe. Os premios consistirán en bonos de 200€ IVE incluído para gastar na web da **Librería Abrente**:

- **Premio LIEDERS**: a unha peza inspirada na ollada reivindicativa, feminista e inconformista de Rosalía de Castro.
- **Premio FIESTRAS**: a unha peza que destaque pola súa proposta formal empregando recursos audiovisuais e/ou das redes sociais.
- **Premio CANTARES**: a unha peza inspirada no patrimonio paisaxístico e inmaterial de Galicia, nas nosas raíces e na nosa lingua.

reborde|os

